



Os 1.100 topónimos de sitios menores de Moaña estarán na rede a fin de ano

A microtoponimia expónse xa ó público na Casa do Concello e percorrerá tódalas parroquias

“Esta é unha das iniciativas máis fermosas das últimas décadas”, dixo o alcalde sobre o proxecto

M.G. / MOAÑA

Os 1.100 topónimos de lugares menores recuperados en Moaña estarán na rede e poderán ser consultados a través de internet a finais de ano. Así o aseguraron onte os responsables do Proxecto Toponimia de Galicia —ó que se sumou o concello no ano 2003— durante o acto de presentación de dito proxecto. “Esta é unha das iniciativas máis fermosas das últimas décadas e un dos actos de homenaxe ó idioma e ó país máis importantes”, afirmou o alcalde Xosé Manuel Millán. A microtoponimia de Moaña expónse ó público dende onte na Casa do Concello e percorrerá tódalas parroquias da vila a fin de que os veciños a coñezan e aporten as súas suxestións.

“Manter viva a historia e o coñecemento dos noso lugares” e o obxectivo fundamental da Toponimia de Galicia, segundo asegurou a directora xeral de Política Lingüística, M^a Sol López, quen manifestou a súa confianza en que este proxecto no que están implicadas tódalas consellerías “se remate”. Da importancia da recuperación destes 1.100 topónimos falou tamén o delegado de Medio Rural, quen dixo que esta iniciativa “é unha homenaxe os que mantiveron a lingua viva”. “A súa resistencia pasiva posibilitou que hoxe podamos falar e recuperar os topónimos menores”, engadiu Gonzalo Constenla.

Xan Cancelas, concelleiro de Cultura, abriu o acto como responsable do departamento que dende 2003 traballou na recuperación da toponimia, como foi o caso do servizo de Normalización Lingüística. Tivo así palabras de agradecemento para a responsable dese servizo, Paula Soto, así como para os que colaboraron con ela, como foi o caso de Iván Sestai, estudante de Filo-



De esquerda a dereita, Xan Cancelas; Gonzalo Constenla; Xosé Manuel Millán; M^a Sol López, e o director y coordinador do proxecto, Xermán García e Vicente Feijóo. / GONZALO NÚÑEZ

loxía Galega, e de Beatriz Martínez Cordeiro, responsable do traballo de campo. Cancelas non olvidou os veciños e asociacións culturais que axudaron a que a toponimia de Moaña “sexa algo moi vivo”.

Toda a información compilada nestes últimos anos expónse dende onte no consistorio en quince paneis con fotografías aéreas sobre as que se sobreimpresionaron os nomes dos lugares. Outros tres paneis falan da relación da toponimia co patrimonio, coas lendas e coa arqueoloxía do lugar, e coa orixe e co significado que encerran. A exposición permanecerá no concello ata o 30 de abril. Do 3 ó 13 de maio estará na planta alta da praza e logo pasará por Tirán, Meira, San Martiño e Domaio.



A exposición pode visitarse xa no consistorio moañés. / G.N.

A exposición pasará do consistorio á praza, e de alí a Tirán, Meira, San Martiño e Domaio